

A CONSTRUCCIÓN DO PIAR EUROPEO DE DEREITOS SOCIAIS. DA PROPOSTA JUNCKER (9.9.2015) Á RECOMENDACIÓN DA COMISIÓN EUROPEA (26.4.2017). MÁIS EUROPA SOCIAL OU REORDENACIÓN DO MARCO NORMATIVO VIXENTE?

EDUARDO ROJO TORRECILLA

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade Autónoma de Barcelona

eduardo.rojo@uab.cat

RESUMO

O artigo procede ao estudo do Piar Europeo de Dereitos Sociais, dende o seu punto de partida en setembro de 2015 ata a aprobación dunha Recomendación da Comisión Europea en abril de 2017. É obxecto de atención o contido do Piar, que novidades introduce con respecto ao marco normativo europeo vixente en materia de política social. Constátanse as limitacións respecto á ampliación competencial, dada a distribución de competencias que establece a normativa comunitaria entre a Unión e os Estados membro, e ao mesmo tempo sinálanse as novidades soft law que incorpora o Piar.

Palabras clave: Unión Europea, Piar, Tratado, dereitos, traballadores, cidadáns.

SUMARIO

1. INTRODUCCIÓN; 2. AS ORIXES DO PIAR EUROPEO DE DEREITOS SOCIAIS (PEDS); 3. OS PRIMEIROS PASOS EFECTIVOS DO PIAR; 3.1. A Comunicación da CE do 8 de marzo de 2016; 3.2. A xustificación da elaboración do PEDS; 3.3. Sobre a natureza xurídica do PEDS; 3.4. O contido da Comunicación; 4. O DEBATE SOBRE A COMUNICACIÓN DA COMISIÓN; 4.1. As achegas e propostas da doutrina laboralista española; 4.2. As achegas e propostas da OIT, Comité das Rexións, CESE, PE, Consello

de Europa, e Ministros de Emprego de once países da UE; 5. O DEBATE SOBRE AS ACHEGAS AO DOCUMENTO DA CE; 5.1. A Conferencia do 23 de xaneiro de 2017; 5.2. Exame de documentos e declaracións sobre o futuro de Europa e o seu desenvolvemento social que están unidos ao PEDS; 6. A RECOMENDACIÓN DA COMISIÓN EUROPEA DO 26 DE ABRIL DE 2017 E A PROPOSTA DE DECLARACIÓN INTERINSTITUCIONAL. ESTUDO DO SEU CONTIDO; 6.1. A presentación pola CE e o parecer dos axentes sociais; 6.2. Reafirmación e reordenación dos dereitos sociais recollidos no marco normativo vixente; 6.3. O contido (I). A igualdade de oportunidades; 6.4. O contido (II). Condicións de traballo xustas.; 6.5. O contido (III). Protección e inclusión social; 7. Recapitulación final.

1. INTRODUCCIÓN

Creo conveniente iniciar a miña exposición con algunhas reflexións previas sobre a construción da dimensión social da Unión Europea (UE), os retos pendentes e as necesidades ás que responder, nuns momentos históricos especialmente difíciles para a UE e que provocaron unha case parálises institucional durante os últimos tempos, dos que non saíu indemne tampouco a política social¹, tal como

¹ Xustamente o balance e perspectivas da política laboral e social europea foi o tema escollido para o XXVII Congreso nacional organizado pola Asociación Española de Dereito do Traballo e da Seguridade Social (Tarragona, 1 e 2 de xuño de 2017), cuxos relatorios poden consultarse na páxina web da AEDTSS (http://www.aedtss.com/index.php?option=com_content&view=article&id=91:xxvii-congreso-nacional-tarragona&catid=1:noticias&Itemid=17). O relatorio introdutorio corre a cargo do anfitrión das xornadas, o profesor Vicente Antonio Martínez Abascal, dedicado a "A flexibilidade no marco do Dereito da Unión Europea". O autor móstrase bastante crítico coa realidade actual e apunta na última parte do seu texto que "O desenvolvemento da crise económica desatada en 2008 evidenciou, unha vez máis, a quimera dunha regulación do traballo que fose, a un mesmo tempo, flexible e segura no ámbito do sistema económico capitalista desregulado. O modelo económico de expectativas racionais e de mercados eficientes, libres de regulacións estatais limitativas mostrou a súa falta absoluta de credibilidade na crise, provocando o desemprego e a flexibilidade salarial descendente. A flexibilidade económica perseguida con brío polo capitalismo e alcanzada en sumo grao polo neoliberalismo imperante conduciu, así, a unha

puxo de manifesto o profesor José María Miranda Boto no seu recente artigo "El derecho social de la Unión Europea en la encrucijada: entre la parálisis legislativa y el impulso judicial", no que efectúa unha ampla análise da "impase na que se encontra neste momento o modelo social da Unión Europea"².

En primeiro lugar, convén recordar o que dispón o Tratado de Funcionamento da UE (TFUE) sobre a súa dimensión social. O artigo 9 dinos que "Na definición e execución das súas políticas e accións, a Unión terá en conta as esixencias relacionadas coa promoción dun nivel de emprego elevado, coa garantía dunha protección social axeitada, coa loita contra a exclusión social e cun nivel elevado de educación, formación e protección da saúde humana". Tales obxectivos tamén se enuncian nos arts. 147 y 151.

Potenciar a dimensión social da UE é unha necesidade vital se queremos poñer en marcha mecanismos a escala europea que contribúan á saída da crise en todos os países, aínda que a rapidez desta sexa desigual xa que as diferenzas son importantes. Niso insistiu reiteradamente o que fora comisario europeo encargado de asuntos sociais Lazlo Andor, destacando, nun artigo publicado en setembro de 2013³, que, se ben é certo que as diferenzas entre os Estados son importantes, e que o marco xurídico da UE

flexibilidade laboral carente de seguridade". http://www.aedts.com/images/PRIMERA_PONENCIA_MARTI%CC%81NEZ_ABASCAL_WEB.pdf (última consulta: 20 de maio de 2017).

² Publicado en Revista del Ministerio de Empleo y Seguridad Social, núm. 127, 2017, páx. 19-41. O profesor Miranda recorda que o 9 de decembro de 2016 o presidente da Comisión Europea Claude Juncker participou nos actos de conmemoración do 25 aniversario do Tratado de Maastricht, e tras destacar que no seu discurso "ironicamente sinalou que do devandito Tratado só quedaban dous superviventes: o euro e el mesmo", afirma que "a Europa social das dúas velocidades xerada nese Tratado desapareceu certamente tras o inmediato Tratado de Amsterdam", e pregúntase "Que queda hoxe dela? Chegamos ao momento da Europa social con marcha atrás?" (páx. 19).

³ "Developing the social dimension of a deep and genuine Economic and Monetary Union". European Policy Centre, 13 de setembro de 2013. http://www.epc.eu/documents/uploads/pub_3707_developing_the_social_dimension.pdf (última consulta: 19 de maio de 2017).

sitúa as competencias en materia de emprego e políticas sociais no terreo dos Estados membros, é totalmente necesario actuar cada vez máis a escala supraestatal.

Habémonos de preguntar que Europa queremos, que Europa necesitamos, e como hai que avanzar para que sexa autenticamente unha Europa social onde primen valores que, desgraciadamente, na actualidade non están precisamente en auxe en moitos territorios da UE, como son os de xustiza, solidariedade e hospitalidade. Cabe preguntarse se esa loita por unha Europa solidaria pode seguir facéndose dende dentro da UE, ou ben en cada Estado e no seu ámbito territorial, a cidadanía comprometida pode facer a guerra pola súa conta e risco ante as dificultades cada vez maiores que se detectan a escala europea e o auxe do antieuropeísmo de forzas políticas extremistas que obteñen un importante número de votos nas eleccións nos seus respectivos Estados.

Nos debates en que participei recentemente expuxen que creo que a xente nova dificilmente entendería que volvésemos ás realidades políticas de épocas pretéritas, afeitos a unha realidade política, económica, social e cultural completamente distinta daquela existente en España antes da incorporación á entón Comunidade Económica Europea o 1 de xaneiro de 1986. Non obstante, non quero deixar de chamar a atención sobre todas as críticas, con moito fundamento na súa maioría, vertidas polas persoas asistentes a estes actos sobre esta Europa que está a deixar de lado bastantes dos valores e principios sobre os que se creou como estrutura política e económica en marzo de 1957 en Roma.

Unha UE que, no marco político actual, se enfronta ademais a retos certamente perigosos e que dificilmente poderán abordarse de forma illada por cada Estado. Así poñíao de manifesto o Presidente do Consello Europea, Donald Tusk, na súa carta aos Xefes de Estado e de Goberno con ocasión da reunión informal celebrada en Malta o 3 de febreiro, referíndose a "a nova situación xeopolítica no mundo e arredor de Europa", o aumento de "un sentimento ANTI UE-nacionalista e cada vez máis xenófobo dentro da propia UE",

e o estado de ánimo, á baixa, das elites proeuropeas, sendo cada vez máis visibles "a diminución da confianza na integración política, o sometemento a argumentos populistas, así como as dúbidas acerca dos valores fundamentais da democracia liberal"⁴.

2. AS ORIXES DO PIAR EUROPEO DE DEREITOS SOCIAIS (PEDS)

O presidente da Comisión Europea (CE), Jean Claude Juncker, pronunciou un importante discurso no acto de inauguración, o 29 de setembro de 2015⁵, do décimo terceiro congreso da Confederación Europea de Sindicatos (CES), un congreso verdadeiramente importante tanto polos debates habidos coma polas resolucións aprobadas e que non obstante mereceu escasa atención polos medios de comunicación. No seu discurso, J.C. Juncker reivindicou a Europa social e as virtudes do diálogo social para avanzar en respostas á crise que satisfagan os intereses da maior parte da cidadanía, algo que por certo non está a acontecer en boa parte dos países europeos onde as desigualdades se están a incrementar, e anunciou que a Comisión presentaría durante a primavera do próximo ano, "un piso de dereitos sociais mínimos, un cordón sanitario que rodeará o mercado de traballo para protexelo mellor..., que non será un piso de mínimos senón un punto de partida que non poderá ser diminuído", formulación coa que o presidente da CE consideraba que se achegaría "un plus de converxencia ao mundo do traballo en Europa". Facendo súa a tese do mundo do traballo, afirmou que non é normal que os contratos de traballo atípicos se estean a converter nos habituais ou típicos, e que é necesario apostar como forma normal da relación de traballo polo contrato de duración

⁴ <http://www.consilium.europa.eu/es/press/press-releases/2017/01/31-tusk-letter-future-europe/> (última consulta: 20 de maio de 2017)

⁵ "L'Europe sociale, réformes et solidarité". http://europa.eu/rapid/press-release_SPEECH-15-5741_en.htm (última consulta: 17 de maio de 2017).

indeterminada, en canto que a precariedade "non é aceptable porque non responde ao modelo europeo"⁶.

Igualmente, J.C. Juncker reivindicou que toda Europa debía poñerse de acordo sobre o principio dun mesmo salario no mesmo traballo e no mesmo lugar, facéndose así indirectamente referencia á problemática cada vez máis importante do desprazamento de traballadores no seo da UE e a disputa continua entre os dereitos sociais e o principio comunitario fundamental da libre prestación servizos, principio que sempre foi moi defendido polo TXUE pero que nalgunha sentenza foi matizado en beneficio do cumprimento da normativa laboral, en concreto na sentenza do 12 de febreiro de 2015 (asunto C-396/13), obxecto de detallado estudo polo profesor Miguel Rodríguez Piñero y Bravo-Ferrer no seu artigo "Un nuevo enfoque de la Directiva 96/71 sobre la protección de los trabajadores desplazados"⁷.

Non obstante, a tese do Presidente da CE non era nova, xa que fora exposta con máis detalle na súa intervención o día 9 do mesmo mes ante o Plenario do Parlamento Europeo

⁶ Sobre a precariedade, a desigualdade e a ruptura do consenso social entre o traballo e o capital é de moi conveniente lectura ao meu parecer a obra póstuma de Zigmunt Bauman *Retrotopía*. Ed. Paidós, 2017, que dedica o seu capítulo 3 a "De volta á desigualdade", e afirma que a devandita ruptura ten varias hipóteses, pero que aquela que "parece ser a aspirante principal a ocupar o lugar de honra entre todas esas explicacións", é a de "a rescisión unilateral por parte dos patróns da reciprocidade da dependencia entre capital e man de obra -unha rescisión inducida pola globalización, pero entusiastamente axudada e demandada polo desmantelamento por parte do Estado tanto das restricións que limitaban a cobiza dos capitais como do marco estrutural e o tecido que facían posible a defensa das vítimas de tal cobiza". (páx. 90).

⁷ "Derecho de las Relaciones Laborales", núm. 5, agosto - setembro 2015, páx. 485-491. O profesor Rodríguez-Piñero cualifica a sentenza analizada como "un fito" en canto que ao seu parecer supón "unha revisión da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza en torno á interpretación da Directiva 96/71/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de decembro de 1996, ao desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos e á relación desa Directiva coa liberdade de prestación de servizos recoñecida no TFUE" (páx. 485).

(PE)⁸, sendo a súa intervención o punto de partida da elaboración de piar europeo de dereitos sociais, que culminará o 26 de abril de 2017 coa aprobación dunha Recomendación de inmediata aplicación, unha proposta, con idéntico contido, dunha proposta de proclamación interinstitucional sobre o devandito piar que debería ser subscrita polo Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión, "para ampliar o apoio político e conseguir o respaldo do piar ao máis alto nivel"⁹, poñendo de manifesto que o chamado "piso mínimo de dereitos sociais" debería completar o xa feito no ámbito da UE, "identificar os elementos fundamentais, comúns a todos, relativos ás condicións de traballo, á saúde e seguridade no traballo, á igualdade de trato entre homes e mulleres, ás situacións de desemprego, e de forma máis xeral ás condicións sociais e ao acceso aos sistemas de protección social". Na súa intervención J. C. Juncker avogou por unha intervención relevante dos axentes sociais na súa elaboración, e apostou por poñer en marcha a iniciativa no seo da zona euro, "permitindo a outros Estados da UE unirse a ela se así o desexan".

Sobre ese chamado "piso mínimo de dereitos sociais" houbo un debate na reunión de comisarios celebrada o 6 de outubro¹⁰, no que se puxo o acento en como garantir a libre circulación dos traballadores no mercado único, garantía

⁸ "Estado da Unión 2015: A hora da sinceridade, a unidade e a solidariedade". http://europa.eu/rapid/press-release_SPEECH-15-5614_es.htm (última consulta: 20 de maio de 2017).

⁹ A frase encóntrase na nota de prensa de presentación do Piar, "A Comisión presenta o piar europeo de dereitos sociais", do 26 de abril de 2017, na que pode lerse a seguinte manifestación do presidente J.C. Juncker: «Como Presidente da Comisión, tratei de que as prioridades sociais ocupen un lugar central entre as accións de Europa, que é o que lles corresponde. Co piar europeo de dereitos sociais e o primeiro paquete de iniciativas que o acompañan, cumprimos as nosas promesas e abrimos un novo capítulo. E este capítulo queremos escribilo xuntos: todos, os Estados membros, as institucións da UE, os interlocutores sociais e a sociedade civil, temos que asumir as nosas responsabilidades. Gustaríame que o piar contase co respaldo ao máis alto nivel político antes de que conclúa o ano.» http://europa.eu/rapid/press-release_IP-17-1007_es.htm (última consulta: 22 de maio de 2017).

¹⁰ http://europa.eu/rapid/press-release_IP-15-5763_en.htm (última consulta: 17 de maio de 2017).

prevista no TFUE pero que está a ser cuestionada por diversos Estados en razón da situación económica e que sen dúbida é necesario fortalecer ao meu parecer se queremos seguir falando da Europa social como unha realidade e non como dúas palabras recollidas en normas e sen maior concreción na práctica. Tamén se debateu nesa reunión de comisarios como mellorar a regulación social europea pola vía de "modernizar a lexislación existente", palabra a da modernización que sempre me formula inquietude polo seu carácter ambivalente e que ben pode servir para reforzar os dereitos sociais e adaptalos ás novas realidades económicas e sociais, como para rebaixar os estándares da devandita protección co socorrido argumento da igualdade de todas as persoas que desexan acceder ao mercado de traballo ou de todas as que xa se encontran neste. O avance na regulación de dereitos sociais a escala europea podería achegar a normativa da UE á dos Estados membros, no ben entendido que o raio de actuación xurídico da primeira é máis limitado que o dos segundos e el encontra a súa razón de ser na regulación das competencias dos poderes comunitarios e de cada Estado, como recordou a profesora Catherine Barnard nun artigo¹¹, no que avoga por reforzar os niveis mínimos de regulación a escala europea que non poidan ser modificados á baixa polos Estados e que puidesen acompañar as políticas nacionais "sobre a base de estándares e obxectivos xerais de carácter social".

Era moi optimista J.C. Juncker? Moi probablemente había que lanzar as mensaxes ás que antes me referín nunha reunión de representantes sindicais de toda Europa, pero de pouco servirán, xa non só no ámbito social senón tamén no da política europea en xeral, se non se adoptan medidas importantes de cambio que aposten por un modelo democrático renovado a escala europea e que permita o libre desenvolvemento de cada Estado, e dende logo as medidas de axuste orzamentario adoptadas durante a crise

¹¹ "How to make EU social policy live up to its name", publicado na revista electrónica Social Europe o 8 de outubro de 2015. <http://www.socialeurope.eu/2015/10/make-eu-social-policy-live-name/> (última consulta: 17 de maio de 2017).

non serviron para el, e os debates interminables sobre como abordar a crise de refuxiados mentres o fluxo de persoas que chegaban a Europa se incrementaba día a día, tampouco contribuíron a prestixiar a política europea. Por iso, non é estraño que as palabras pronunciadas o 29 de setembro fosen criticadas por dirixentes sindicais, en modo ningún polo dito senón polo que non se fixera, e que se criticase duramente no congreso a influencia das políticas neoliberais en materia económica e o seu negativo impacto sobre a cohesión social na UE, afirmándose polo Presidente da Fundación 1º de maio de Comisións Obreiras, Javier Doz, que "a confluencia da ruptura da cohesión territorial ou política, entre os Estados da UE, ou no interior destes, supón un perigo mortal para a propia pervivencia do proxecto europeo"¹².

Se alguén defende o modelo social europeo con empeño e entusiasmo, porque dificilmente os dereitos sociais poden xa defenderse só a escala nacional cando a realidade económica demostra a importancia das relacións produtivas a escala internacional, é xustamente o mundo sindical e iso quedou plenamente posto de relevo no chamado "Manifesto de París" presentado o 2 de outubro na conclusión do congreso da CES e que leva por título "Defendamos a solidariedade para empregos de calidade, os dereitos dos traballadores e unha sociedade xusta en Europa"¹³, un texto que mereceu tan pouca atención nos medios de comunicación, e moi en especial os económicos, como o resto do congreso.

O Manifesto critica con dureza que a democracia económica e social, o diálogo social, a consulta e a negociación colectiva sexan "ignoradas ou quebrantadas en numerosos países", e esixe un piso de normas sociais ambiciosas a escala europea que teñan como prioridades "a posta en

¹² "Europa en la pendiente", publicado no diario electrónico nuevatribuna.es o 30 de setembro de 2015. <http://www.nuevatribuna.es/opinion/javier-doz/europa-pendiente/20150930085405120679.html> (última consulta: 10 de maio de 2017).

¹³ <https://www.etuc.org/sites/www.etuc.org/files/other/files/manifesto-fr-def-03.pdf> (última consulta: 4 de outubro de 2015).

marcha dun marco de actuación para os dereitos laborais e os dereitos sociais que teñan o progreso social por obxectivo; rematar co dumping social e a desregulación; un trato xusto e igual para todos os traballadores sen discriminación", poñendo ademais o acento en que a solidariedade interxeracional e unha importante redución do desemprego dos mozos "son indispensables para a construción dun porvir duradeiro para Europa". En materia salarial, a CES non reclama intervencionismo europeo (moi probablemente porque xa existe e en termos de restrición da autonomía dos axentes sociais en virtude da disciplina orzamentaria) e aposta de forma decidida porque a fixación dos salarios siga sendo competencia de ámbito nacional, polo que a súa regulación debe selo "conforme ás prácticas nacionais e aos sistemas de relacións sociais en vigor".

O sindicalismo europeo rexeita todo intervencionismo, europeo ou estatal, que restrinja os dereitos colectivos (liberdade sindical, negociación colectiva, folga), e reclama unha maior democracia económica e social cunha proposta concreta: unha nova Directiva que estableza "unha nova e integrada arquitectura para a implicación dos traballadores". Para a CES, esta nova Directiva, que debería partir do acervo comunitario xa existente, debería fixar "normas esixentes en materia de información e consulta, así como tamén para a representación dos traballadores nos consellos de administración das diferentes formas de sociedades europeas, ao obxecto de reforzar a súa influencia".

Non era nova, nin moito menos (recordemos que xa se formulou despois da sentenza do Tribunal de Xustiza da UE - TXUE - no caso Viking)¹⁴ a proposta de adopción dun protocolo de progreso social europeo, que se uniría aos

¹⁴ Sentenza do Tribunal de Xustiza (Gran Sala) do 11 de decembro de 2007, asunto C-438/05. <http://curia.europa.eu/juris/showPdf.jsf?docid=71495&pageIndex=0&doclang=ES&mode=lst&dir=&occ=first&part=1&cid=582689> (última consulta: 23 de maio de 2017). Sobre a devandita sentenza, véxase o meu artigo "La sentencia Viking: algo más que un paso atrás en los derechos de los trabajadores europeos y del modelo social europeo". 14 de decembro de 2007. <http://www.eduardorojotorrecilla.es/2007/12/la-sentencia-viking-algo-ms-que-un-paso.html> (última consulta: 23 de maio de 2017).

Tratados da UE (algo que require, recórdese, a unanimidade dos Estados membros) e que permitirá evitar o dumping social e garantir a protección dos dereitos sociais fronte á prioridade outorgada ata agora na maioría das ocasións polo TXUE ás liberdades económicas de establecemento e de prestación de servizos; igualmente, e nunha liña que podería coincidir coas propostas avanzadas polo Presidente da Comisión, a CES apostaba por unha revisión da directiva sobre traballadores desprazados, ao obxecto de garantir o principio de igualdade de trato, sinaladamente, engado eu agora, en materia salarial.

Non menos importante era a formulación de que todas as institucións europeas deben protexer os dereitos sociais fundamentais, "en particular aqueles que son garantidos pola Carta de Dereitos fundamentais da UE", e que tamén a UE debería ser parte na Carta social europea revisada. Last but not least, último pero non menos importante, o principio de libre circulación de traballadores é reivindicado pola CES como garantía de progreso social, debendo a UE evitar e sancionar condutas nacionais que limiten ese dereito, e respecto aos cidadáns extracomunitarios a CES pide unha resposta europea "equilibrada e xusta" fronte á incorporación a territorio europeo de emigrantes de terceiros países, que estea baseada "sobre a solidariedade e a protección dos dereitos dos traballadores", así como tamén "vías de integración e de inclusión dos emigrantes no mercado de traballo e na sociedade en Europa".

Ao meu parecer, a política social europea debería recuperar un espazo propio de actuación no seo das políticas comunitarias, e os arts. 148 e 156 do TFUE abren camiño para iso, certamente sen esquecer a obrigada coordinación coas políticas económicas. Se se actuase desta forma quizais podería poñerse coto a unha realidade que caracterizou toda a política europea durante os anos da crise e que foi atinadamente destacada pola profesora da Universidade de Vigo Nora María Martínez: os criterios de converxencia, en especial a estabilidade dos prezos e a economía financeira, remataron por se converter "en valores absolutos que se implantan mediante todo tipo de

técnicas, aínda que adoezan de falta de transparencia e lexitimidade democrática, e que se sobrepoñen a outros valores, principios e dereitos nos que se funda o Dereito orixinario da Unión e as Constitucións dos Estados membros"¹⁵. Quizais paradoxalmente, o debate sobre a saída do Reino Unido da UE, tras o Brexit, sexa un bo momento para recuperar o debate sobre os verdadeiros piares da Europa social¹⁶.

3. OS PRIMEIROS PASOS EFECTIVOS DO PIAR

3.1. A COMUNICACIÓN DA CE DO 8 DE MARZO DE 2016

A CE publicou o 8 de marzo de 2016 a Comunicación titulada "Apertura dunha consulta sobre o pilar europeo de dereitos sociais"¹⁷, acompañada dun documento anexo no que se encontra un "primeiro esbozo preliminar" daquilo que podería ser o devandito pilar, e de documentos de traballo dos servizos da CE, un dedicado ao acervo social da UE e outro á explicación de cales son as principais

¹⁵ "La intromisión del gobierno económico europeo en la negociación colectiva salarial y los sistemas públicos de pensiones". RTSS, núms. 389-390, agosto-setembro 2015, páx. 56 (última consulta: 11 de maio de 2017).

¹⁶ Sobre o impacto do Brexit na política social europea, véxase Molina Navarrete, Cristóbal, "Brexit y Unión Social Europea. Contigo no, pero y sin ti?" RTSS, CEF, núm. 410, maio 2017, páx. 5 -20. Aínda que o profesor Molina formula inicialmente que unha crise institucional "sempre abre, ao mesmo tempo, unha oportunidade para a mellora, se se sabe xestionar intelixentemente," a súa conclusión non é precisamente positiva, xa que afirma, con respecto á depreciación do modelo social europeo, que "non co Reino Unido foi posible corrixir este profundo e disfuncional desfase, nin sen el, moito me temo, o será, tampouco" "polo menos", aquí si hai un punto de esperanza no artigo, "non sen unha viraxe global - máis alá dos reclamos actuais da Comisión para aparentar que ten o control - na dirección dun verdadeiro *uso social do marco normativo*, actual e futuro, a favor dunha equiparación polo progreso nas condicións de vida e de traballo de toda a cidadanía (arts. 9 e 151 TFUE) " (páx. 20).

¹⁷ http://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:bc4bab37-e5f2-11e5-8a50-01aa75ed71a1.0013.02/DOC_1&format=PDF (última consulta: 8 de maio de 2017).

tendencias económicas, laborais e sociais nas que se basea o pilar¹⁸.

Das catro acepcións do termo "piar" que encontramos no dicionario da Real Academia da Lingua Española ("1. m. Elemento estrutural resistente, de sección poligonal ou circular, con función de soporte. 2. m. Fito ou marco que se pon para sinalar os camiños. 3. m. Persoa que serve de amparo. 4. m. Cousa que sostén ou en que se apoia algo") é a última a que parece máis apropiada xuridicamente falando, xa que se trataría do marco de referencia dos dereitos sociais europeos. O documento francés utiliza o termo "socle", mentres que o inglés se refire ao "pillar".

A finalidade da consulta era, en primeiro lugar, "facer unha avaliación do acervo vixente da UE"; en segundo termo, reflexionar sobre as novas pautas e tendencias das relacións de traballo; e en terceiro lugar, e considero que é o máis importante, "solicitar puntos de vista e recibir comentarios sobre o propio esbozo do pilar europeo de dereitos sociais". Na parte final do documento, e tamén nos anexos, recóllíanse as cuestións para as que a CE solicitaba opinión de todas as organizacións e persoas interesadas, e que versaban xustamente sobre a situación social e o acervo

¹⁸ Véxase un detallado estudo do documento no artigo de Ramos Quintana, Margarita "El pilar europeo de derechos sociales: nos ponemos serios?" Trabajo y Derecho, núm. 24, decembro 2016, páx. 11 -14. Para a profesora Ramos "con seguridade encontrámonos ante un instrumento susceptible de ser cualificado de soft law, un máis de entre os múltiples documentos alimentados polo traballo interno da Comisión, pero cuxa efectividade dependerá en gran medida da seriedade con que se aborden os asuntos sociais na armazón institucional da Unión Europea". É consciente a autora de que "as disparidades de realidades socioeconómicas nos diferentes Estados da UE fai difícil alcanzar os acordos e as maiorías suficientes a tal fin", e por iso mostra a súa preocupación polo posible relegamento desta iniciativa, ou que non implique cambios efectivos que redunden nun maior nivel de benestar social, xa que en tal caso "a ilusión dunha Europa unida pode non lograr saír da mesma senda que agora mesmo está a levar á decepción e á deriva dun dos mellores proxectos da máis recente historia do continente" (páx. 14).

social da UE, o futuro do traballo e dos sistemas de benestar, e o piar europeo de dereitos sociais¹⁹.

Cabe destacar primeiramente que se trataba da concreción das manifestacións formuladas polo presidente da CE J.C. Junker no seu discurso pronunciado o 9 de setembro de 2015 no PE, e tamén das propostas recollidas no programa de acción da CE para o ano 2016. Por outra parte, a proposta ía dirixida só aos países da zona euro, se ben se contemplaba que os restantes Estados da UE que desexaran adherirse unha vez aprobado o piar puidesen facelo voluntariamente. Con respecto a esta separación entre países da UE, a CES mostrouse especialmente crítica, manifestando que lle resultaría moi difícil aceptar que haxa dereitos sociais que se aplican unicamente aos traballadores da eurozona e non ao resto dos restantes Estados da UE²⁰,

¹⁹ Véxase unha explicación didáctica do contido do Piar Europeo de Dereitos Sociais no documento informativo elaborado pola CE "Preguntas e respostas sobre o piar europeo de dereitos sociais", 8 de marzo de 2016, no que se explican os obxectivos da consulta que poñía en marcha: "avaliar o actual acervo social da UE, determinando en que medida se practican os dereitos existentes e seguen sendo pertinentes fronte aos desafíos actuais e futuros, ou se conviría estudar outras maneiras de plasmar os devanditos dereitos; reflexionar sobre novos esquemas do traballo e da sociedade debidos ao impacto das novas tecnoloxías, a evolución demográfica ou outros factores que inciden na vida laboral e as condicións sociais; solicitar puntos de vista e comentarios sobre o papel do piar europeo de dereitos sociais. A consulta debe servir para debater o seu alcance, contido e cometido como parte da dimensión social da Unión económica e monetaria, e para reflexionar sobre as necesidades específicas da zona do euro. Por último, este exercicio de reflexión servirá así mesmo para que os Estados membros non pertencentes á zona do euro se formulen se desexan participar no piar". http://europa.eu/rapid/press-release_MEMO-16-545_es.htm (última consulta: 10 de maio de 2017).

²⁰ "ETUC position on the European Pillar of Social Rights working for a better deal for all workers". 6 setembro 2016. <https://www.etuc.org/documents/etuc-position-european-pillar-social-rights-working-better-deal-all-workers> (última consulta: 19 de maio de 2017). As sete prioridades da CES no novo deseño da Europa social son as seguintes: "Unha economía máis xusta para a creación de empregos de calidade. Un aumento salarial para lograr a xustiza no traballo e a xustiza económica. Mellora do cumprimento dos dereitos existentes e establecemento de novos dereitos. Mobilidade xusta. Asegurar as transicións do mercado de traballo. Protección social e servizos públicos

mentres que a patronal europea Business Europe se mostraba bastante escéptica sobre a eficacia das propostas da Comisión e pedía reformas máis profundas dos mercados de traballo nos ámbitos nacionais con fixación de obxectivos a tomar en consideración para cada un deles que mellorasen a competitividade empresarial²¹.

3.2. A XUSTIFICACIÓN DA ELABORACIÓN DO PEDS

Cales son as razóns que xustificaban para a CE a elaboración deste pilar, para a que se abriu un período previo de consultas con todas as organizacións e persoas interesadas ata o 31 de decembro de 2016 como paso previo para a presentación dunha proposta? En primeiro lugar, subliñábase a importancia deste no seo dunha economía social de mercado altamente competitiva como é a da UE, e considerábase que para maximizar os resultados que poden obterse da devandita economía é fundamental "o deseño de sistemas de benestar e institucións do mercado de traballo que cumpran o seu papel e avalen a creación de postos de traballo".

Non parece que a finalidade fose crear novos dereitos senón consolidar e modernizar os xa existentes, tendo ademais en consideración que as políticas sociais son competencia dos Estados membros e que a UE actúa con respecto ao principio de subsidiariedade e con posta en marcha de normas e medidas que terían como finalidade "garantir a igualdade de condicións, limitar o risco de dumping social ou de carreira á baixa, e facilitar a integración económica e

sólidos. Cambio institucional para garantir a mesma énfase na promoción da Europa Social".

²¹ "European Pillar of Social Rights - Business Europe contribution to the debate", 24 agosto 2016. Para a organización empresarial "O enfoque exclusivo dos "dereitos sociais" non é o enfoque correcto. A dimensión social da UE é moito máis ampla que esta, incluída unha ampla lexislación nacional e da UE que protexe aos traballadores, así como sistemas sociais nacionais ben desenvolvidos". <https://www.busesseurope.eu/publications/european-pillar-social-rights-busesseurope-contribution-debate> (última consulta: 22 de maio de 2017).

social", de tal maneira que o "novo" piar respondería a xuízo da CE a unha dobre necesidade: "superar a crise con perspectiva de futuro e avanzar cara a unha Unión Económica e Monetaria (UEM) máis profunda e máis xusta".

Ao dar a súa resposta o documento de como superar a crise con perspectiva de futuro, pasábase revista ás novas tendencias (algunhas non tan novas, certamente) existentes nas relacións laborais e sociais, e aos cambios de orde económica que impactan sobre estas, citándose "as transformacións acontecidas nas estruturas sociais e os patróns familiares e laborais; a prolongación da vida laboral, que tamén é agora máis variada; a diversificación da man de obra e a propagación de novas formas de traballo; o paradoxo entre o aumento dos niveis de educación e o desaxuste xeneralizado das aptitudes; as crecentes desigualdades; as novas necesidades e oportunidades que se derivan dos avances na esperanza de vida e do envellecemento demográfico; os cambios tecnolóxicos e a dixitalización da sociedade e a economía". O documento apostaba por unha política social "moderna" e cuns puntos de referencia co que non creo que haxa dúbida de que todos estaremos de acordo, se ben as diferenzas virán cando se concrete como levala a cabo; en efecto, non é difícil coincidir na tese de que é válido e conveniente que tal política social se asente "sobre o investimento en capital humano baseado na igualdade de oportunidades, a prevención dos riscos sociais e a protección contra eles, así como a existencia de redes de seguridade eficaces e de incentivos para acceder ao mercado de traballo, de modo que as persoas poidan levar unha vida digna, cambiar o seu status persoal e profesional ao longo da súa vida e sacar o maior partido do seu talento".

A CE pretendía avanzar, coa posta en marcha do PEDS, cara a unha UEM máis profunda e máis xusta, onde a política social, respectando os marcos nacionais, debería xogar un papel relevante para evitar desaxustes tan importantes como os vividos dende a crise económica de 2008. A formulación era aparentemente de carácter social, pero ao meu parecer estábase a formular dende unha lóxica de

corrección de tales desaxustes económicos, como o demostra a renovada énfase nas teses de combinación axeitada das políticas ou elementos de flexibilidade e seguridade, e a necesidade de volver definir o mellor xeito de aplicar o primeiro na situación actual, así como tamén o debate sobre aquilo que o documento cualifica do "rendemento dos sistemas de benestar nacionais", sobre os que incidirían (cuestionarían?) "a elevada taxa de desemprego e o envellecemento demográfico, combinados coas presións sobre as finanzas públicas e a necesidade de minimizar as repercusións indirectas entre países derivadas dos desequilibrios macroeconómicos"²².

Constrúese o piar dende cero? A resposta é obviamente negativa, xa que existe un marco de referencia comunitario (aínda que insisto que o documento vai referido inicialmente única e exclusivamente aos países da zona euro) como é o Tratado da UE, o TFUE, a Carta de Dereitos Fundamentais (CDFUE)²³ e a Xurisprudencia de TXUE²⁴, sendo positivo ao

²² A profesora Ramos Quintana, Margarita, manifestábase sorprendida, e dubidosa da súa veracidade, por "o aparente cambio de temón impulsado polas mesmas institucións e autoridades europeas que anos atrás viñeron facendo da austeridade, da redución do gasto público en pensións, da supresión de axudas aos que máis os necesitaban, os vulnerables, a súa bandeira para enfrontar a crise". Cfr. "El pilar europeo..." ob. cit., páx. 12.

²³ Véxase un exhaustivo estudo da CDFUE no relatorio presentado pola profesora Nogueira Guastavino, Madalena, no XXVII Congreso nacional da AEDTSS, "La Carta de Derechos Fundamentales de la Unión Europea: una lectura social de sus disposiciones generales". Para a autora, a virtualidade da Carta "reside en ter reunido por primeira vez nun único documento todos os dereitos que ata agora se dispersaban en distintos instrumentos lexislativos como as lexislacións nacionais e os Convenios internacionais do Consello de Europa, as Nacións Unidas e a Organización Internacional do Traballo. Ao dar visibilidade e claridade aos dereitos e liberdades fundamentais, a Carta contribúe a desenvolver o concepto de cidadanía da Unión, así como a crear un espazo de liberdade, seguridade e xustiza". http://www.aedtss.com/images/Ponencia_Segunda_Magdalena_Nogueira_1.pdf e http://www.aedtss.com/images/parte_2_segunda_ponencia.pdf

²⁴ Sobre a problemática da aplicación do dereito social europeo, na interpretación efectuada polo TXUE, ao ámbito xurídico laboral español, véxase as reflexións do maxistrado Desdentado Bonete, Aurelio. "Problemas de aplicación del derecho social europeo: del caso Telefónica Móviles al caso Zardoya Otis", publicado o 16 de marzo de 2017 na páxina web [elderecho.com](http://www.elderecho.com/tribuna/laboral/Problemas-aplicacion-derecho-social-europeo-despidos-vacaciones-Telefonica-Moviles-) <http://www.elderecho.com/tribuna/laboral/Problemas-aplicacion-derecho-social-europeo-despidos-vacaciones-Telefonica-Moviles->

meu parecer que as novas propostas puidesen basearse tamén noutras normas internacionais de indubidable importancia como son a Carta Social Europea (CDE) do Consello de Europa, e sendo curioso, e sen ningunha xustificación máis alá dunha referencia incorrecta, que se citasen tamén as "Recomendacións" da Organización Internacional do Traballo (OIT), pero non os Convenios²⁵.

A CE "xustificaba" o seu traballo nos últimos anos en materia de política social coa referencia á actividade desenvolvida no ámbito dos fondos comunitarios, a política de igualdade de xénero, a posta en marcha e desenvolvemento da garantía xuvenil, ou a dirixida aos desempregados de longa duración, entre outras, anunciando ademais que o debate sobre o piar non interferiría na posta en marcha de novas iniciativas como son políticas de apoio á paternidade²⁶ no ámbito laboral, a

Zardoya-Otis_11_1066930001.html (última consulta: 15 de maio de 2017). Coméntanse as dúas sentenzas citadas no título do artigo e efectúase un comentario crítico de como se aplica o dereito comunitario, considerando que tal aplicación "conduce frecuentemente a unha aplicación fragmentada das normas, na que «os detalles» da regulación europea aparecen como mínimos de Dereito necesario que desestabilizan unhas regulacións internas que, consideradas no seu conxunto, poderían conter maiores garantías".

²⁵ Sobre a protección dos dereitos laborais, e os seus límites, no ámbito europeo, e da estreita relación entre a normativa da UE e a do Consello de Europa, e a relación entre o TXUE e o TEDH, sen esquecer nin moito menos a importante tarefa do Comité Europeo de Dereitos Sociais, cabe facer referencia á brillante achega do profesor Fernando Valdés Da-Re na súa lección de investidura como doutor honoris causa pola Universidade de Valladolid o 6 de novembro de 2015, co título "Constitucionalismo laboral europeo y protección multinivel de los derechos laborales". <http://comunicacion.uva.es/export/sites/comunicacion/documentos/Leccion-Fernando-Valdes.pdf> (última consulta: 6 de maio de 2017).

²⁶ Ao respecto, véxase a recentemente presentada "Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores, e pola que se derroga a Directiva 2010/18/UE do Consello" Bruxelas, 26.4.2017. COM(2017) 253 final. Segundo se explica na súa introdución, os obxectivos específicos da Directiva son "mellorar o acceso a medidas para conciliar a vida familiar e a vida profesional, como os permisos de traballo ou as fórmulas de traballo flexible" e "aumentar a frecuencia con que os homes se acollen a permisos relacionados coa familia e a fórmulas de traballo flexible". Igualmente sublíñase, e é o aspecto concreto que desexo resaltar

aprobación dunha axenda europea de capacidades e a avaliación das directivas (na actualidade xa hai vinte e catro) sobre seguridade e saúde no traballo, se ben con respecto a estas últimas se observaba na linguaxe da Comunicación unha prevención cara aos custos que estas supoñen para as pemes e que sería necesario reducir (de "facilitar a súa asimilación polas pemes" fala máis exactamente o texto). Tamén se seguía apostando por potenciar o diálogo social, algo no que non pode haber desacordo cos axentes sociais, pero si en canto aos contidos concretos a abordar.

3.3. SOBRE A NATUREZA XURÍDICA DO PEDS

Aos xuristas preocúpanos sempre, e moito, que as reflexións, consideracións ou manifestacións políticas sobre dereitos, neste caso sociais, e a súa aplicación na vida (laboral) cotiá, vaian acompañadas da súa plasmación en normas xurídicas vinculantes, de obrigado cumprimento, sen desdeñar certamente, cando for conveniente utilizala, a técnica do soft law pero sen que esta substitúa, nin moito menos, á vinculación xurídica normativa (Regulamentos, Directivas, Decisións, no caso da UE).

Pois quedamos en ascuas, sen saber cal será o hipotético marco xurídico do piar, se ben se nos atemos aos termos literais da Comunicación parece achegarse moito máis a un marco de soft law que a outro vinculante. Fixémonos que se expón que o piar "complementará" o acervo social xa existente, e que unha vez que xa estea instaurado (é dicir aprobado) "debería converterse nun marco de referencia para analizar os resultados dos Estados membros participantes nos ámbitos social e do emprego, para

pola súa relación co meu traballo, que a iniciativa "tamén está vinculada á iniciativa sobre o Piar Europeo de Dereitos Sociais, que pretende reforzar a dimensión social da Unión e mellorar a converxencia á alza dos Estados membros en canto a resultados sociais". http://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:84205176-2b39-11e7-9412-01aa75ed71a1.0004.02/DOC_1&format=PDF (última consulta: 22 de maio de 2017).

impulsar reformas a nivel nacional e, máis concretamente, para servir de guía con vistas a unha converxencia renovada na zona do euro". Non é de estrañar por iso as críticas da CES en canto ao descoñecemento de como serían postos en práctica os principios que deberán plasmarse no piar, argumentando o seu secretario xeral Luca Visentini que "a Comisión non parece suxerir ningún marco xurídico vinculante polo momento, o que deixaría ao piar nunha situación de debilidade"²⁷.

O soft law apréciase con maior claridade ao meu parecer nas manifestacións sobre a importancia do piar para "engadir valor á zona do euro e á UE no seu conxunto", e a súa referencia a que a súa natureza xurídica "terá que ter en conta o ámbito de aplicación e as limitacións legais a escala da UE e da zona do euro. Por exemplo, é evidente que o artigo 153 do TFUE non outorga á Unión competencias en materia de «retribución»" se ben non pecha, así parécemo, a porta a unha diferente regulación que debería ser decidida cunha estreita implicación do Parlamento e do Consello, e tamén doutras institucións da UE (imaxínome que está a pensar, por exemplo, no Comité Económico e Social Europeo - CESE -), e todo iso coa finalidade de "conseguir un amplo apoio para a súa implementación".

Se ben a Comunicación dedicaba un breve apartado a explicar cales deberían ser as liñas mestras deses "principios esenciais" do piar que se adecúen tanto ás realidades presentes coma ás futuras, era no documento anexo onde se realizaba o esbozo do futuro piar e se detallaban cales debían ser os seus contidos, non debendo esperar encontrar os lectores e lectoras do documento manifestacións sobre novas regulacións normativas, xa que, como dixen con anterioridade, non parece ser esa a finalidade, senón a revisión e actualización do marco normativo vixente, e así recóllese con claridade no texto: "... os principios propostos non substitúen aos dereitos

²⁷ "Social Rights Pillar: good principles, several doubts". 8.3.2016. <https://www.etuc.org/press/social-rights-pillar-good-principles-several-doubts> (última consulta: 15 de maio de 2017).

existentes: ofrecen un xeito de avaliar o resultado das políticas sociais e de emprego nacionais e de melloralos no posible no futuro".

3.4. O CONTIDO DA COMUNICACIÓN

As propostas que se someteron a consulta por parte da CE, estruturáronse en tres grandes bloques: o primeiro, dedicado a "igualdade de oportunidades e acceso ao mercado de traballo"; o segundo a "condicións de traballo xustas"; en fin, o terceiro á "protección social axeitada e sostible".

- A) No primeiro recóllese a necesidade de dispoñer dunhas aptitudes, educación e aprendizaxe permanente, concretada no acceso a unha educación e formación de calidade ao longo de toda a vida. Tamén, o recoñecemento do dereito á igualdade de trato con independencia da modalidade contractual, cunha chamada á adopción de medidas que faciliten a transición de contratos temporais a indefinidos. Non se fala expresamente do contrato único, aínda que as rebuscadas explicacións do texto parecen dar a entender, polo menos segundo o meu parecer, que os redactores do documento si pensan neste ("O paso a uns tipos de contratos que teñan garantías e custos comparables pode permitir que o emprego temporal se converta nun trampolín cara ao emprego estable e seguro, aumentando ao mesmo tempo a capacidade de resposta dos mercados laborais ás perturbacións"). Tamén se formula como conseguir unhas transicións profesionais seguras, para o que se pide o recoñecemento do dereito a unha asistencia personalizada na busca de emprego e á adopción de medidas que incentiven o desexo de seguir formándose, ao que debería acompañar, e a concreción desta medida si pareceríame especialmente importante, "a conservación e a portabilidade dos dereitos sociais e de formación acumulados durante a carreira profesional, co fin de facilitar as transicións laborais e profesionais".

Como continuación e concreción da anterior encontramos as medidas de apoio activo para o emprego, consistentes nunha xa existente como é a garantía de emprego xuvenil e noutra que xa se apunta na pouco antes aprobada Recomendación sobre os desempregados de longa duración²⁸, como é que se lles recoñeza, aos que leven dezaioito meses en tal situación, "unha oferta de avaliación en profundidade e orientación personalizada, así como un acordo de integración laboral que comprenda así mesmo unha oferta de servizos individuais e a identificación dun punto de contacto único".

O primeiro bloque considera tamén a igualdade de xénero e equilibrio entre vida laboral e privada, con atención especial a políticas que aposten por tal igualdade tanto no ámbito do emprego coma da educación, as políticas de horarios flexibles, e unha moito máis concreta e que cada vez adquire máis relevancia no debate social como é a dos permisos de paternidade, pero sen chegar a propoñer o seu carácter intransferible ("Deberá fomentarse o uso por igual entre homes e mulleres das modalidades de permiso, con medidas como os permisos retribuídos tanto para os pais coma para as nais"). En fin, a igualdade de oportunidades pecha o primeiro bloque, cunha chamada á mellora da participación no mercado de traballo dos grupos infrarrepresentados, cun toque económico innegable na formulación xa que a igualdade de oportunidades non é un valor per se senón que "ademais se converte nun imperativo económico dado o envellecemento da man de obra".

- B) O segundo bloque está dedicado ás "condicións de traballo xustas", incluíndose aquí aqueles que deberían ser os principios esenciais en materia de condicións de

²⁸ Rojo Torrecilla, Eduardo. "Notas a la Recomendación del Consejo del 15 de febrero de 2016 sobre la integración de los desempleados de larga duración en el mercado laboral, y comparación con la propuesta de Recomendación". 20 de febreiro de 2016. <http://www.eduardorojotorrecilla.es/2016/02/notas-la-recomendacion-del-consejo-de.html> (última consulta: 22 de maio de 2017).

emprego, salarios, saúde e seguridade no traballo, e diálogo social e participación dos traballadores.

Sobre as condicións de traballo, recórdase (porque xa existe marco normativo) o dereito do traballador a ser informado dos seus dereitos e obrigas, podendo incluír aquí un período de proba de duración razoable, e o dereito a que a extinción do contrato sexa motivada, con compensación económica axeitada e con posibilidade de recorrer a decisión empresarial en sede xudicial. Non sei moi ben, só o apunto incidentalmente pola relación que ten co debate sobre o contrato único, que ten que ver coas condicións de emprego xustas a referencia contida neste apartado de que "A normativa complexa, onerosa e incerta que rexe a extinción dos contratos indefinidos fai que as empresas sexan remisas a contratar e que as normas vixentes se fagan cumprir de xeito irregular".

Respecto aos salarios, a combinación do "apoio social" coa "realidade económica" ponse novamente de manifesto con claridade, xa que, tras unha referencia xeral a un salario digno para todo emprego, se menciona de forma expresa o salario mínimo cuxa contía debería salvagardar "o acceso ao emprego e a motivación para buscar traballo", así como tamén a vinculación salarial á produtividade, tendo iso si presente o diálogo social e as prácticas nacionais.

En materia de seguridade e saúde no traballo, a proposta é o establecemento dun marco axeitado de protección contra todos os riscos e con especial atención, insítese unha vez máis, á realidade das microempresas e as pequenas empresas. Estas políticas de saúde e seguridade laboral deben apostar por garantir a protección a todas as persoas que traballan, "con independencia da forma de emprego e abordando as «zonas grises», como o traballo autónomo «dependente» e «falso», que xeran situacións xurídicas pouco claras".

Por último, no apartado relativo ao diálogo social e participación dos traballadores fórmase algo que xa existe, polo menos teoricamente, na realidade, como é

a súa consulta no deseño e implementación das políticas sociais e de emprego, así como tamén unha chamada ao fortalecemento da negociación colectiva, e así mesmo o recoñecemento do dereito de información e consulta os traballadores e os seus representantes cando se produza un despedimento colectivo ou se leve a cabo un proceso de "transferencia, reestruturación e fusión de empresas".

- C) O terceiro bloque está dedicado á protección social axeitada e sostible, no que se inclúen referencias concretas a prestacións e servizos sociais integrados, a asistencia sanitaria e prestacións por enfermidade, as pensións, as prestacións por desemprego, a renda mínima, a discapacidade, os coidados de longa duración, os servizos de gardaría, a vivenda, e o acceso aos servizos esenciais. É dicir, inclúense propostas que afectan directamente ao emprego e outras que teñen unha relación indirecta con este²⁹.

²⁹ Moitas das medidas propostas teñen como suxeitos destinatarios aqueles que se integran nos grupos de colectivos vulnerables e que atravesan por situacións críticas de pobreza e exclusión. Ao respecto, véxase o relatorio presentado por Olarte Encabo, Sofía, no XXVII Congreso nacional da AEDTSS, titulado "La política social de la UE para los colectivos más desfavorecidos", na que se realiza unha análise crítica das políticas sociais da UE e se constata, con relación a tales colectivos, "o limitado avance nos Tratados, en contraste coa crecente importancia dos elementos soft, que se proxectan sobre os Estados, xa que son estes os que realmente teñen as competencias na materia". http://www.aedtss.com/images/CUARTA_PONENCIA_Sofi%CC%81a_Olarte.pdf (última consulta: 20 de maio de 2017). Para unha excelente análise de que políticas son necesarias para combater a pobreza (incluída obviamente a laboral) en España, véxase o "Informe sobre políticas públicas para combatir la pobreza en España", aprobado polo Consello Económico e Social de España na súa sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2017. O documento parte da tese de que a protección da pobreza "se considera hoxe en día como unha peza máis dentro das políticas de inclusión social, que comprenden tanto as políticas activas de emprego como a asistencia mediante políticas de rendas mínimas e o acceso a uns servizos públicos de calidade", e partindo de tal formulación expónse que "neste momento, resulta oportuno revisar dende o punto de vista da súa eficacia e equidade o esquema vixente de medidas contra a pobreza entendendo como tales todos os dispositivos de apoio social que requiren proba de recursos para o acceso aos mesmos, incluíndo tanto as transferencias económicas de carácter non contributivo ou asistencial deseñadas como garantía de

Chamo a atención sobre algunhas das propostas, e remito á explicación da Recomendación: que todo traballador con independencia do tipo de contrato, teña garantida a baixa por enfermidade "axeitadamente retribuída durante os períodos de enfermidade"; a vinculación das pensións á (unha vez máis a realidade económica) sostibilidade económica, e o achegamento da idade legalmente fixada de xubilación coas expectativas de vida, cunha chamada moi directa á restrición ou supresión das xubilacións anticipadas, supoño que polo custo que poden ter para o erario público ("... eliminando a diferenza entre a idade efectiva e a idade regulamentaria de xubilación evitando o abandono temperán das filas da man de obra"); a vinculación do dereito a percibir prestacións económicas por desemprego á busca activa de emprego e participación en actividades formativas, nunha contía que por unha parte permita dispoñer de tempo abondo para a busca de emprego pero que por outra preserve "os incentivos para un rápido retorno ao traballo" (unha forma educada de non se referir á contía da prestación como hipotético motivo desincentivador).

Tamén me parece importante que se pide recoñecer como principio esencial garantir unha renda mínima axeitada para os que carezan de recursos abondo para levar un nivel de vida digno, se ben vinculándoo para todas aquelas persoas que se encontren en idade de traballar e dispoñibles para o traballo a "a esixencia de participar en medidas de apoio activo para fomentar a (re)integración no mercado de traballo".

rendas en diversos supostos (prestacións non contributivas, subsidios asistenciais e rendas mínimas, entre outros) como os servizos básicos ou axudas en especie dirixidos aos colectivos máis desfavorecidos, facendo especial fincapé entre eles nos servizos sociais, a educación, a sanidade, a atención á dependencia, así como as políticas de vivenda".
<http://www.ces.es/documents/10180/4509980/Inf0117.pdf> (última consulta: 16 de maio de 2017).

4. O DEBATE SOBRE A COMUNICACIÓN DA COMISIÓN³⁰

4.1. AS ACHEGAS E PROPOSTAS DA DOUTRINA LABORALISTA ESPAÑOLA

A Comunicación da CE, e o debate aberto inmediatamente pola Comisión, mereceu rapidamente o interese da doutrina laboralista española, e diso deu debida conta o profesor Antonio Baylos no seu blog nunha entrada publicada o 14 de abril de 2016 co título "El pilar social europeo", no que manifestaba as súas duras críticas á realidade social da Europa actual pero ao mesmo tempo destacaba a conveniencia de entrar no debate en canto que se trataba de "un momento que debe integrar as posicións alternativas dos que aínda pensamos que outra Europa é posible e que o camiño ten que pasar necesariamente pola democratización das súas estruturas, reforzando dende logo o espazo europeo como un espazo de dereitos sociais"³¹.

O profesor Baylos dábanos conta da iniciativa posta en marcha pola profesora Margarita Ramos e o profesor Jesús Cruz, á que se sumaría o profesor Jaime Cabeza e que durante a súa elaboración contou coa participación das profesoras Amparo Ballester e Carolina Martínez, e dos profesores Ferran Camas e o propio Antonio Baylos, para elaborar un documento-proposta que respondese ao cuestionario preparado pola Comisión e que, unha vez elaborado, puidese ser asumido por unha gran parte dos iuslaboralistas españois, tarefa sen dúbida conseguida porque me consta que fomos moitos profesores e profesoras

³⁰ Un moi amplo e detallado exame e análise do debate suscitado pola Comisión, e dos informes, ditames e parecer emitidos polos diversos organismos e institucións internacionais, encóntrase no exhaustivo, e moi recente, artigo de Ramos Quintana, Margarita. "El pilar europeo de derechos sociales: la nueva dimensión social europea". Revista de Derecho Social núm. 77, 2017, páx. 19 -42. Destaca a profesora Ramos que o Piar, no texto da Comunicación da CE, e engado eu agora que tamén na Recomendación aprobada o pasado 26 de abril, "incorpora... principios inspiradores da futura acción política económica e de emprego das institucións europeas e dos Estados membros, particularmente dos 17 que forman a UEM" (páx. 29).

³¹ <http://baylos.blogspot.com.es/2016/04/el-pilar-social-europeo.html> (última consulta: 1 de maio de 2017).

os que nos adherimos ao citado documento enviado a Bruxelas.

Citaba Antonio Baylos as palabras dos impulsores da proposta, ás que engadía as súas propias, para quen o documento "require compartir certa dose de homoxeneidade de pensamento para conformar unha proposta acerca de como e con que garantías crear ese piar social dentro da UE, e que unha vez elaborado puidese ser dado a coñecer e se solicitasen adhesións a este. Trataríase, en suma, de poñer de manifesto e tomar postura acerca dos grandes debates que poidan atravesar a actualidade: cidadanía europea e dereitos inherentes a ela, dereitos de persoas de terceiros países e refuxiados, así como de minorías, desprazamentos transnacionais e salarios mínimos, reticencias para ratificar o CEDU, condicionalidade na loita contra o déficit e reformas internas do mercado de traballo. E creo, tamén, que deberíamos formular certa reflexión crítica do devir da xurisprudencia do TXUE. E, moi en particular, das políticas da Comisión".

O citado documento, do que non me consta cando redacto este artigo que estea publicado nas revistas especializadas ou nas redes sociais (e sería bo que me equivocase, porque merece unha atenta lectura polas propostas formuladas), contén, en efecto, propostas de interese para, tendo ben presentes os límites da intervención das instancias comunitarias de acordo ao marco normativo vixente, avanzar nun auténtico modelo social que reforce os dereitos das persoas traballadoras e que dote á UE dunha auténtica dimensión social, na actualidade tan debilitada polo impacto da crise económica e polas actitudes dalgúns gobernos moi pouco receptivas, por non dicir que claramente negativas, cara a todo aquilo que supoña mínimos avances sociais. Permítome reproducir agora a resposta formulada á pregunta de cales son as prioridades máis urxentes en materia social e de emprego, e á de se está actualizado o acervo da UE e se hai marxe para a adopción de novas medidas.

Á primeira, o grupo de expertos laboralista españois responde o seguinte:

"1. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E ACCESO AO MERCADO DE TRABALLO

1.1. Mellorar os niveis de educación e de formación para o traballo, con recualificación profesional ao longo da vida laboral activa.

1.2 Fomentar o emprego de calidade mediante contratos de traballo estables, con retribución axeitada e suficiente, sen discriminación e en condicións de seguridade e saúde.

1.3 Desenvolver políticas activas de emprego orientadas á inserción no mercado de traballo dos colectivos máis vulnerables.

1.4 Adopción dun plan público/privado orientado a asegurar o equilibrio de responsabilidades familiares e obrigas laborais, con servizos públicos de coidados de persoas dependentes, regras que permitan adaptar o horario de traballo, e permisos especialmente deseñados para ser utilizados polos homes.

2. CONDICIÓNS DE TRABALLO XUSTAS

2.1 Impulsar salarios mínimos legais ou establecidos pola negociación colectiva co fin de asegurar traballo digno e combater a pobreza no traballo.

2.2 Unificar criterios laborais en procesos de descentralización produtiva e nos grupos de empresas; e definir as regras dos desprazamentos de traballadores no marco de prestacións transnacionais de servizos, baixo o principio "igual salario por traballo de igual valor prestado no mesmo lugar".

3. PROTECCIÓN SOCIAL AXEITADA E SOSTIBLE

3.1 Asegurar que os sistemas de seguridade social garantan a estabilidade social, especialmente, en períodos de crise económica. Prestacións adecuadas para facer fronte a situacións de necesidade, particularmente a protección por desemprego.

3.2 Promover un ingreso mínimo de subsistencia para combater a pobreza e exclusión social.

4. *PROMOVER NEGOCIACIÓN COLECTIVA E PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES*

4.1 *Xerar unhas relacións convencionais a nivel europeo que cristalicen en acordos vinculantes.*

4.2 *Facilitar dereitos colectivos e sistemas de articulación colectiva da negociación".*

Á segunda, a resposta é a seguinte:

"O acervo da UE pode avanzar mediante a adopción de novas medidas como as seguintes:

1. *Igualdade por razón de xénero: especialmente, hai que facer fronte á brecha salarial con medidas novas e eficaces. É preciso identificar os traballos "de coidado" realizados polas mulleres co fin de que poidan ser obxecto de reconfiguración como "traballo produtivo", integrándoos na economía formal.*

2. *Equilibrio de vida familiar e laboral: promover servizos públicos de coidados para persoas dependentes que favorezan a participación das mulleres no mercado de traballo. Estimular a "adaptación" do tempo de traballo para facilitar a conciliación. Introducir "permisos" para varóns como acción positiva para a igualdade efectiva.*

3. *Condicións de traballo: contratos estables no tempo e con causa de temporalidade xustificada; períodos de proba con duración razoable; despedimentos xustificados e con compensación económica; salarios axeitados para unha vida digna; condicións seguras de traballo en materia de seguridade e saúde; condicións seguras de traballo en procesos de descentralización produtiva e para grupos de empresas.*

4. *Loita contra a exclusión social, dunha forma sistemática e integral, así como integración das persoas excluídas do mercado laboral.*

5. *Sería moi importante reformular a exclusión de competencias en materia de remuneracións, para poder establecer salarios mínimos.*

6. *Recuperación dos esforzos de cumprimento do compromiso de adhesión da UE ao Convenio Europeo de Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais.*

7. *Recuperar impulso harmonizador respecto de materias que o TFUE enumera como de oportuna aprobación de Directivas e que non se abordaron.*

8. *Favorecemento dunha negociación co Reino Unido con ocasión do Brexit que implique o compromiso de mantemento do acervo comunitario en materia social e, no seu caso, de mantemento da vinculabilidade das Directivas sociais a semellanza de Noruega".*

4.2. AS ACHEGAS E PROPOSTAS DA OIT, COMITÉ DAS REXIÓNS, CESE, PE, CONSELLO DE EUROPA, E MINISTROS DE EMPREGO DE ONCE PAÍSES DA UE

A Comunicación da Comisión mereceu unha detallada atención por parte de organizacións internacionais e de organismos comunitarios. Paso a continuación a expoñer os contidos máis relevantes dos distintos informes e valoracións emitidas.

A) En primeiro lugar, refírome ao documento da OIT, que leva por título "Construír un piar social para fomentar a converxencia europea"³², do que convén destacar con carácter xeral a súa manifestación de que "os patróns tradicionais de emprego enfrontan uns desafíos resultantes do aumento na diversidade de formas de emprego non convencionais e da emerxencia de novas formas de emprego que, con frecuencia, esvaecen os límites entre o emprego dependente e o traballo por conta propia".

Referíndose máis concretamente á problemática europea, a OIT subliña as diferenzas entre os procesos de gobernabilidade socioeconómica e os achegamentos da regulación social, resaltando que "a diferenza dos procedementos vinculantes creados para vixiar e corrixir a situación macroeconómica dos Estados membros, os

³²http://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---dgreports/---dcomm/---publ/documents/publication/wcms_488959.pdf (última consulta: 18 de maio de 2017).

chamados mecanismos non vinculantes de coordinación aplicados nas áreas social e laboral non puideron lograr unha converxencia ascendente. Nestas áreas, a coordinación de políticas tería que basearse en condicións sociais comúns en todos os Estados membros para ser máis eficaz. O pilar europeo de dereitos sociais supón unha oportunidade para que a UE logre un marco de gobernabilidade máis equilibrado, pois pon o rendemento laboral e social dos Estados membros no primeiro plano".

Entre as políticas ás que convén poñer atención na elaboración do pilar social, e sempre dentro do marco normativo vixente, a OIT cre que debería prestarse especial atención, e sempre no seo dun diálogo social frutífero, ás políticas de salario mínimo, ingreso mínimo, reconciliación do traballo coa familia, a promoción do emprego e a protección do desemprego, así como o desenvolvemento de competencias para facilitar a adaptación de todas as persoas aos cambios no sistema produtivo.

- B) A Comunicación da Comisión recibiu tamén o Ditame do Comité das Rexións (CR)³³, aprobado na sesión plenaria do 11 de outubro de 2016, no que se valora que o pilar "pode contribuír á coordinación das políticas e os dereitos sociais nos Estados membros e impulsar unha converxencia á alza", debendo considerarse prioritario nas decisións que se adopten no seu momento "salvagardar o acceso aos sistemas de protección social e os servizos públicos", no ben entendido que iso deberá levarse a cabo con pleno respecto das competencias dos Estados membros.

Como non podería ser doutra forma, o CR destacaba o valor engadido que supón a participación dos entes locais e rexionais no debate, xa que iso pon de manifesto e implica o reforzamento "da dimensión territorial dos asuntos socioeconómicos que se formulan

³³<http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52016AR2868&from=ES>
consulta: 18 de maio de 2017).

a nivel global nas políticas da UE e dun enfoque de base local á hora de deseñar e aplicar políticas socioeconómicas", e confiaba que a proposta da CE contribuiría a "reforzar aínda máis os dereitos sociais, xa sexa individuais ou colectivos, recollidos na Carta de Dereitos Fundamentais da UE".

En fin, dende un plano moito máis concreto de atención, que afecta especialmente á dimensión rexional e local, o Ditame sinala que "algúns entes locais e rexionais utilizaron as políticas de contratación pública para animar ou esixir aos seus contratistas que remuneren de xeito xusto ao persoal contratado, o que pode ser un acicate máis para que as organizacións adopten prácticas laborais xustas; recorda por outro lado que a lexislación da UE non se opón á exclusión dun licitador dun procedemento de adxudicación dun contrato por negarse a retribuír o seu persoal co salario mínimo legal", con cita expresa da sentenza do TXUE do 17 de novembro de 2015, asunto C-115/14³⁴.

- C) Con respecto ao Ditame do CESE, aprobado na sesión plenaria do 25 de xaneiro de 2017³⁵, ponse de manifesto que as súas conclusións son o resultado dos debates habidos no seo dos 28 Estados, nos que participaron "uns 116 membros do CESE e preto de 1.800 representantes das organizacións da sociedade civil". Deféndese que "o piar debe promover o acervo social existente na Unión e a súa aplicación plena e axeitada. En caso de contemplar novas iniciativas e instrumentos legislativos vinculantes, isto hase de facer de acordo cos fundamentos e os procedementos xurídicos existentes. O estatuto xurídico do piar aínda está por determinar, así como a súa relación cos Instrumentos Internacionais dos Dereitos Humanos. Non obstante, o CESE fai fincapé en que os dereitos

³⁴<http://curia.europa.eu/juris/document/document.jsf?text=&docid=171643&pageIndex=0&doclang=es&mode=lst&dir=&occ=first&part=1&cid=963122> (última consulta: 22 de maio de 2017).

³⁵<http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52016AE1902&from=ES> (última consulta: 18 de maio de 2017).

sociais se deben aplicar a toda persoa que resida na Unión e en todos os seus Estados membros, se ben recoñece que talvez se necesiten instrumentos ou mecanismos específicos para a zona do euro".

Interésame destacar que o Ditame subliña que "o futuro do traballo debería ser unha prioridade clave nos debates sobre o piar, co fin de abordar os importantes cambios que se están a producir no mundo do traballo. O CESE considera que agora se necesita un enfoque máis coherente e integrado e, polo tanto, pide unha Estratexia Europea de Emprego coherente, entre outros, en relación co traballo do futuro, que aborde os seguintes puntos: investimento e innovación, emprego e creación de postos de traballo de calidade, condicións de traballo xustas para todos, transicións xustas e fluídas apoiadas por unhas políticas activas para o mercado laboral, e participación de todas as partes interesadas, en particular os interlocutores sociais". Respecto á igualdade de xénero, considérase "un elemento central para garantir unhas condicións de traballo xustas para todos. Ademais do feito de que haxa máis mulleres no mercado laboral, o envellecemento da poboación e o alongamento da vida laboral levarán consigo probablemente o aumento das responsabilidades vinculadas ao coidado ao longo da vida. A flexibilidade na vida laboral e o horario de traballo e un equilibrio sostible entre vida privada e vida laboral serán cada vez máis importantes para todos os traballadores (...). O CESE pide que se introduza no nivel axeitado un enfoque integrado entre as medidas lexislativas e non lexislativas para promover o equilibrio entre vida privada e vida laboral nos Estados membros". O documento conclúe cunha mirada optimista cara ao futuro³⁶ optimismo que pode compartir sempre e cando,

³⁶ "A pesar dos riscos obvios, o CESE segue crendo que a Unión é capaz de ofrecer unha versión mellor, máis democrática e máis social de si mesma. O CESE fará canto sexa necesario para apoiar os debates nos Estados membros e a nivel da Unión co fin de implicar os cidadáns para garantir «un futuro mellor en Europa». Só se poderá lograr unha globalización xusta que ofrezca unha boa calidade de vida, suficientes oportunidades de

e a realidade actual demostra as dificultades existentes para a súa consecución, se adopten as medidas necesarias para iso.

- D) Detéñome a continuación na Resolución aprobada polo PE o 19 de xaneiro de 2017, durante a primeira sesión plenaria do ano, "sobre un piar europeo de dereitos sociais", que contou con 396 votos favorables, 180 en contra e 68 abstencións, datos que demostran sen dúbida as diferenzas existente de criterios sobre que debe regular e en que termos, o devandito piar.

A Resolución mantén globalmente, pero non de xeito absoluto, o contido da proposta de Resolución aprobada o 20 de decembro de 2016 pola Comisión de Emprego e Asuntos Sociais, sendo relator a eurodeputada socialdemócrata portuguesa Maria Joao Rodrigues, quen nunha entrevista publicada na páxina web do PE³⁷ destacaba que a posta en marcha do PEDS "é a iniciativa máis importante da UE para actualizar a dimensión social de Europa. Isto significa que necesitamos actualizar os estándares sociais para todos os cidadáns europeos para facer fronte aos novos desafíos. Estes novos desafíos non son só a competencia global e o envellecemento, senón tamén a revolución dixital que ten enormes consecuencias para as condicións de traballo das persoas. Ademais da inestabilidade financeira", destacando a necesidade de actualizar a lexislación laboral xa que "a revolución dixital significa que os traballos de hoxe son moito máis fluídos e cambian no seu contido... (e dan lugar a)...

emprego e unhas condicións de traballo xustas para todos se a Unión mantén a súa unidade e é capaz de reaccionar. Co fin de preservar o seu modelo de sociedade, Europa debe ter a capacidade de adaptarse ás realidades cambiantes e, deste modo, maximizar as oportunidades para todos. Esta é a nosa alternativa ao proteccionismo, o nacionalismo e o populismo".

³⁷<http://www.europarl.europa.eu/news/es/news-room/20170113STO58070/rodrigues-cree-que-para-mantener-la-ue-unida-hay-que-reforzar-la-cohesi%C3%B3n-social> (última consulta: 14 de maio de 2017).

novas formas de emprego que aínda non están cubertas. Isto afecta especialmente aos mozos".

A longa Resolución (25 páxinas) dedica a súa primeira parte (6 páxinas) a recordar cales son todas as normas e documentos que se tivo en consideración para elaborar o texto finalmente aprobado, mentres que outras seis están dedicadas á introdución das proposta concretas, é dicir aos "considerandos" nos que se expón o parecer do PE sobre a situación actual e a súa incidencia na regulación e protección, ou desprotección sería máis correcto dicir en máis dunha e máis de dúas ocasións, dos dereitos sociais. Para o PE é positivo o debate iniciado coa proposta da CE, xa que permitiu reflexionar profundamente "sobre o acervo social existente e un amplo debate entre os interlocutores sociais, os Gobernos e Parlamentos nacionais, a sociedade civil e as institucións da Unión sobre o porvir e a estrutura dun modelo social europeo para o futuro...". Se iso servise para mellorar as condicións de vida e para cumprir "os obxectivos e os dereitos recollidos nos Tratados da Unión, a Carta dos Dereitos Fundamentais e a Carta Social Europea, "mellor imposible" non lles parece?

Unha das cuestións, xurídicas e sociais, ás que se dedica boa parte do documento é á protección social e á necesidade de reforzar os sistemas existentes "co fin de apoiar as transicións ascendentes cara a e dentro do mercado de traballo e manter a seguridade económica ao longo da vida das persoas".

Boa parte da argumentación da Resolución do PE con respecto ás chamadas formas non convencionais de emprego, parte da premisa do desenvolvemento acelerado destas nos últimos anos (aquí inclúe "o traballo temporal, o traballo a tempo parcial involuntario, o traballo ocasional, o traballo de tempada, o traballo á carta, o traballo por conta propia dependente ou o traballo por intermediación de plataformas dixitais.. "), aínda que non esqueza recordar que o emprego permanente segue sendo prevalente, e que é necesario adoptar medidas

normativas que corrixa as situacións de "inseguridade económica prolongada... malas condicións de traballo... ingresos inferiores e menos estables,... falta de posibilidades de defender os dereitos propios, carencia de seguridade social e cobertura sanitaria, falta de identidade profesional, ausencia de perspectivas profesionais, e dificultades para conciliar o traballo á carta coa vida privada e familiar...".

Pasemos ás propostas concretas, que poden encontrarse a partir da páxina 12. Clara, contundente e sen ambaxes é a primeira, na que se pide que a CE non emita unicamente "parole", soft law, declaración de principios ou boas intencións, senón que presente un plan cuxos contidos "reforcen os dereitos sociais mediante instrumentos concretos e específicos (lexislación, mecanismos de elaboración de políticas e instrumentos financeiros), que repercutan positivamente nas vidas das persoas a curto e medio prazo e que permitan apoiar a construción europea no século XXI defendendo realmente os obxectivos sociais dos Tratados, apoiando os sistemas de protección social nacionais, reforzando a cohesión, a solidariedade e a converxencia ascendente nos resultados económicos e sociais, garantindo unha protección social adecuada, reducindo as desigualdades, logrando os progresos en materia de redución da pobreza e a exclusión social que xa deberían terse logrado fai moito, facilitando os esforzos nacionais de reforma mediante a avaliación comparativa, e contribuíndo a mellorar o funcionamento da Unión Económica e Monetaria (UEM) e do mercado único da Unión...".

E non só debe tratarse de protexer e reforzar os dereitos xa existentes, senón tamén (e é obvio que o cambio tecnolóxico e as novas formas non convencionais de emprego son elementos importantes a tomar en consideración) establecer "novos dereitos cando os novos avances tecnolóxicos e socioeconómicos o permitan", xa que desta forma "o plan tamén reforzará a lexitimidade da Unión".

Concretemos máis estas propostas: o PE pide a elaboración dunha Directiva marco "sobre unhas condicións de traballo dignas en todas as formas de emprego, pola que se amplíen as normas mínimas existentes aos novos tipos de relacións laborais, baseada nunha avaliación de impacto detallada; considera que esa Directiva marco debe mellorar a aplicación da lexislación da Unión, ampliar a seguridade xurídica en todo o mercado interior e evitar a discriminación complementando a lexislación vixente da Unión e garantindo a todos os traballadores un conxunto básico de dereitos esixibles, independentemente do tipo de contrato ou de relación laboral, entre os que figurarían a igualdade de trato, a protección da saúde e a seguridade, a protección durante o permiso de maternidade, disposicións sobre o tempo de traballo e de descanso, o equilibrio entre vida profesional e privada, o acceso á formación, o apoio no traballo ás persoas con discapacidade, dereitos de información, consulta e participación axeitados, a liberdade de asociación e representación, a negociación colectiva, e a acción colectiva; destaca que esa Directiva marco debe aplicarse aos empregados e a todos os traballadores que exercen a súa actividade en formas non convencionais de emprego sen modificar necesariamente as directivas existentes...".

E aínda podemos descender máis a casos concretos, como é a prestación de servizos en plataformas dixitais, para o que o PE recomenda acudir, con acerto ao meu entender, á Recomendación da OIT núm. 198 e fixarse nos indicadores necesarios para determinar a existencia dunha relación laboral; ou a petición de prohibición expresa dos chamados "contratos de cero horas", de uso non precisamente esporádico no Reino Unido por poñer un exemplo significativo.

O documento é prudente, bastante máis que a proposta de Resolución, sobre a posible implantación dun sistema de renda mínima garantida para toda persoa carente de recursos. Certamente considéraseo importante, pero non vai moito máis alá de pedir á CE e aos Estados

membros que analicen os sistemas existentes, co fin de coñecer se permiten aos fogares satisfacer as súas necesidades e que "avalíen sobre esta base o modo e os medios de establecer unha renda mínima axeitada en todos os Estados membros e que examinen outras posibles medidas en apoio da converxencia social na Unión tendo en conta as circunstancias económicas e sociais dos distintos Estados membros, así como as prácticas e as tradicións nacionais".

É importante, ou polo menos así parécemo, a proposta formulada sobre a regulación dunha conta de actividade persoal para toda persoa que se incorpore ao mercado de traballo e durante toda a súa vida laboral, así como a conveniencia de regular a "posible portabilidade deses dereitos (por exemplo o de formación) a outros países", e máis importante aínda, que deberían dispoñer da devandita conta todas as persoas "independentemente da forma de emprego na que exerzan a súa actividade e de que se trate de relacións laborais convencionais ou non convencionais ou de traballo por conta propia". No debate, conxunto, sobre a mobilidade laboral no seo da UE, non falta unha chamada a que esta non se utilice de forma abusiva "para socavar as normas sociais dos países de acollida a través da fraude ou a elusión na lexislación".

En fin, non abonda con boas propostas, senón que hai que dispoñer ou crear "os medios necesarios para obter resultados na práctica". De aí que se pida que as futuras normas teñan en consideración o disposto nos art.º 8, 9 e 10 do TFUE, a introdución dun protocolo social cando se revisen os Tratados, ou a ratificación por parte dos Estados membros que aínda non o fixesen (España, sen ir máis lonxe) da CSE revisada, así como tamén do Convenio Europeo de Seguridade Social. En conclusión, o PE considera que o PEDS debería aprobarse este ano "como un acordo entre o Parlamento Europeo, a Comisión e o Consello Europeo, coa participación dos interlocutores sociais e a sociedade civil ao máis alto nivel, e incluír un plan de aplicación claro", e pide á Comisión "que propoña mecanismos que permitan a

participación adecuada de todas as partes interesadas a todos os niveis pertinentes na aplicación do pilar europeo de dereitos sociais".

- E) A Comunicación da CE tamén mereceu a atención do Secretario Xeral do Consello de Europa. Ao seu parecer, no texto publicado o 2 de decembro de 2016³⁸, o establecemento dun PEDS é un paso correcto na dirección de "consolidar a sinerxía entre os diferentes sistemas existentes de protección dos dereitos sociais fundamentais no continente", así como tamén que o devandito pilar sería "un instrumento incomparable para este fin se dá efecto práctico aos dereitos sociais na Unión Europea de xeito coherente cos textos clave do Consello de Europa". Entre as propostas concretas formuladas no documento emitido polo Secretario Xeral, e sempre respectando as competencias e a lexislación aplicable da UE, propónse que "1. As disposicións da Carta Social Europea (revisada) deberían ser formalmente incorporadas no Piar como punto de referencia común para que os Estados garantan estes dereitos", e que "2. O procedemento de reclamacións colectivas, baseado no Protocolo Adicional da Carta Social Europea que prevé un sistema de reclamacións colectivas, debe ser recoñecido polo Piar, "pola contribución que fixo á efectiva realización dos dereitos establecidos na Carta e no fortalecemento de democracias inclusivas e participativas".
- F) Máis adiante, o documento comunitario mereceu igualmente unha valoración positiva de once ministros e ministras responsables das políticas sociais nos seus respectivos Estados membros da UE, plasmada na declaración emitida tras a finalización da conferencia sobre o pilar que tivo lugar en París o 2 de marzo deste ano³⁹. Abonde dicir que o texto pide que o pilar se

³⁸ <https://rm.coe.int/16806dd0bc> (última consulta: 20 de maio de 2017).

³⁹ <https://ue.delegfrance.org/conference-sur-le-socle-europeen> (última consulta: 17 de maio de 2017). A valoración globalmente positiva da iniciativa posta en marcha pola Unión Europea reflíctese claramente neste amplo parágrafo do documento: "A construción dunha sólida e eficaz base

basee na definición de regras comúns en materia de condicións de traballo e de seguridade laboral, que posibiliba un mercado de traballo accesible para todos e socialmente xusto, e unha protección social garantida para todos os traballadores europeos ao obxecto de protexelos das incertezas da vida profesional, e todo iso tendo como referente un diálogo social reforzado. Unha valoración positiva, pero non compracente, que tamén expresou a profesora Margarita Ramos, ante un momento como o que vivimos, que demanda entusiasmar aos cidadáns cun proxecto renovado para o futuro, permítalles sentir maior grao de identificación coa Unión e, ao propio tempo, afastar fantasmas de nacionalismos extremos"⁴⁰.

5. O DEBATE SOBRE AS ACHEGAS AO DOCUMENTO DA CE

5.1. A CONFERENCIA DO 23 DE XANEIRO DE 2017

As discusións e análise do documento comunitario tiveron continuación, tras a finalización o 31 de decembro do prazo para a presentación de achegas (máis de 16.000), durante a conferencia celebrada o 23 de xaneiro en Bruxelas, na que participaron máis de 600 persoas en representación dos

europaea dos dereitos sociais é unha necesidade urxente, neste momento en que moitos dos nosos cidadáns son escépticos respecto do proxecto europeo e os seus logros. Para fortalecerse no contexto das tensións que coñecemos, Europa debe protexer os seus cidadáns. Débese lograr a converxencia económica e social para garantir unha distribución equitativa da riqueza e afondar a cohesión social en toda a UE. Débese reforzar o seu compromiso coa loita contra a pobreza e a exclusión social e erradicar a pobreza infantil. Estamos convencidos de que a Unión Europea segue sendo unha oportunidade insubstituíble para a mobilidade xuvenil e activa, para as perspectivas de emprego dos traballadores, para a prosperidade económica e o benestar de todos os cidadáns europeos. É por isto que hai que seguir para promover un modelo social europeo ambicioso e protector. A nosa responsabilidade é agora, máis que nunca, convencer os nosos concidadáns e que sexa unha realidade en todos os Estados membros".

⁴⁰ "El pilar europeo..." ob. cit., páx. 42. Conclúe o seu artigo a profesora Ramos afirmando que "nun escenario destas características é posible considerar que o impulso da dimensión social para unha converxencia renovada ascendente é requisito *sine qua non* para consolidar o proxecto de Europa".

Estados membros, as institucións comunitarias, os interlocutores sociais e organizacións da sociedade civil⁴¹, que se desenvolveu en seis grandes grupos de traballo dedicados aos seguintes temas: igualdade de acceso aos mercados de traballo e desenvolvemento de competencias; como abordar a pobreza; condicións de traballo equitativas para todos; futuro do traballo; futuro da protección social; a dimensión social da UEM. Os principais resultados, e unha boa síntese, das reunións celebradas dende o 8 de marzo ao 31 de decembro de 2016 e das achegas presentadas á Comunicación encóntrase no documento elaborado polos servizos técnicos da CE⁴² presentado xuntamente coa Recomendación á que máis adiante me referirei, o 26 de abril de 2017.

A reunión de Bruxelas serviu, sen dúbida, para acabar de moldear os textos que serían aprobados o 26 de abril e que serán obxecto de atención nun epígrafe posterior, textos que á súa vez serán a base do importante cumio social para "empregos xustos e crecemento" que se celebrará na cidade sueca de Gotemburgo o 17 de novembro deste ano. Para o presidente J. C. Juncker, o devandito cumio debe axudar á UE "a proporcionar o impulso necesario e a colocar as prioridades sociais no lugar onde deben estar: nos primeiros postos da axenda de Europa", mentres que para o primeiro

⁴¹ Poden verse os vídeos das intervencións de representantes políticos e sociais na Conferencia en <http://ec.europa.eu/social/main.jsp?langId=en&catId=1226&eventsId=1187&furtherEvents=yes> (última consulta: 18 de maio de 2017).

⁴² Commission staff working document Report of the public consultation Accompanying the document Communication from the Commission to the European Parliament, the Council, the European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions Establishing a European Pillar of Social Rights. Brussels, 26.4.2017 SWD(2017) 201 final. "In total, stakeholders provided around 200 position papers. Input arrived also online through a questionnaire, with more than 16,560 replies received. The vast majority of online replies (more than 15,500) were a standard text in a campaign launched by the European Trade Union Confederation (ETUC) and similar actions organised by Spanish and Italian organisations. The rest - almost 1,000 replies - were unique responses from organisations (400) and individuals (555)". <http://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/PDF/?uri=CELEX:52017SC0206&from=EN> (última consulta: 18 de maio de 2017).

ministro sueco S. Löfven, o obxectivo do cumio debe ser o de demostrar que nuns momentos difíciles para Europa hai que dar respostas ás necesidades cotiás das persoas, e "a consecución dunha Europa máis social, con condicións de traballo equitativas, mercados de traballo eficaces e un diálogo social sólido, deberían ser prioridades para todos nós"⁴³.

5.2. EXAME DE DOCUMENTOS E DECLARACIÓNS SOBRE O FUTURO DE EUROPA E O SEU DESENVOLVEMENTO SOCIAL QUE ESTÁN UNIDOS AO PEDS

Dende outra perspectiva, pero que garda estreita relación, o futuro da Europa social estivo presente en diversos documentos elaborados, e nas declaracións aprobadas, con ocasión da celebración do 60 aniversario da creación da Comunidade Económica Europea (CEE) o 25 de marzo de 1957 en Roma.

- A) Refírome en primeiro lugar á solemne "Declaración de Roma", aprobada o 25 de marzo de 2017 polos dirixentes de 27 estados membros (a exclusión británica é xa coñecida), do Consello Europeo, PE e CE. Dende a perspectiva da política social interésame destacar a constatación de que a UE se enfronta a importantes retos, entre os cales ocupan un papel relevante o proteccionismo e as desigualdades económicas e sociais; de aí que sexa necesario traballar en pro dunha Europa que xere crecemento e emprego, unha Europa social que cumpra os obxectivos enunciados no apartado 3 da Declaración: "unha Unión que, baseada no crecemento sostible, promova o progreso económico e social, así como a cohesión e a converxencia, ao tempo que defende a integridade do mercado interior; unha Unión que teña en conta a diversidade dos sistemas nacionais e o papel fundamental dos interlocutores sociais; unha Unión que promova a

⁴³http://europa.eu/rapid/press-release_IP-17-114_es.htm
consulta: 17 de maio de 2017).

(última

igualdade entre mulleres e homes, así como os dereitos e a igualdade de oportunidades para todos; unha Unión que loite contra o desemprego, a discriminación, a exclusión social e a pobreza; unha Unión na que os mozos reciban a mellor educación e formación e poidan estudar e encontrar traballo en todo o continente; unha Unión que conserve o noso patrimonio cultural e promova a diversidade cultural"⁴⁴.

Interésame destacar que o día anterior á firma da Declaración, o Santo Padre Francisco se reuniu cos Xefes de Estado e de Goberno, e pronunciou un importante discurso sobre Europa e o seu futuro⁴⁵, que me serve como referencia directa para as anotacións que seguen. Que dixo o Papa que poida ter interese para o futuro da Unión Europea, para máis de 508 millóns habitantes na Europa dos 28 -datos de 2015 que quedarán reducidos dentro de dous anos en varios millóns cando sexa efectivo o Brexit-? Selecciono algunhas das súas frases máis significativas, sobre as que todas as persoas interesadas nunha Europa social deberíamos reflexionar, á par que actuar para que iso sexa posible.

"Volver a Roma sesenta anos máis tarde non pode ser só unha viaxe ao pasado, senón máis ben o desexo de redescubrir a memoria viva dese evento para comprender a súa importancia no presente". Pregúntome se os que xa somos persoas de idade avanzada -en terminoloxía da Organización Internacional do Traballo (55- 64 años)-, e aqueles que aínda son maiores, temos (teñen) sabido explicar ás novas xeracións de europeos o valor da cultura da paz, xa que en 1957 só pasaran doce anos dende o final dunha conflagración bélica que enfrontou aos países que o 25 de marzo dese ano asinaban o Tratado de Roma.

⁴⁴ <http://www.consilium.europa.eu/es/press/press-releases/2017/03/25-rome-declaration/> (última consulta: 5 de maio de 2017).

⁴⁵ https://w2.vatican.va/content/francesco/es/speeches/2017/march/documents/papa-francesco_20170324_capi-unione-europea.html (última consulta: 28 de abril de 2017).

